

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2018

Estimado pai/nai/titor:

Como cada ano, nos primeiros días do novo curso escolar, adiantámoslles a oferta das actividades extraescolares que se realizarán no noso centro e que están abertas á participación de todos aqueles alumnos que o desexen. Os horarios nos que se levarán a cabo son os seguintes:

Clases de guitarra	Martes e xoves de 14:45 a 15:45	
Clases de piano	Martes de 17:45 en diante	
Adestramentos deportivos	Luns, martes e xoves de 14:30 a 15:30	
Ensaio grupo de teatro	Mércores ás 16:15	
Clases de canto	Mércores alternos ás 15:15	

As tres últimas actividades son gratuítas, mentres que para as primeiras se nos pide unha aportación económica trimestral de 40 euros. Para apuntarse a calquera delas, rogámoslles no lo indiquen marcando cunha X aquela/s opción/s elixida/s e a entreguen ao titor do seu fillo xunto coa notificación de estudo.

Mentres que o horario das clases de **guitarra** é sempre o mesmo, no caso das clases de **piano**, estas esixen unha aprendizaxe máis individualizada, polo que (dentro do horario que aquí se especifica) a profesora porase de acordo co alumno para ver o horario que mais lle convén. A cuestión do **canto** será unha actividade a realizar durante distintos mércores con aqueles alumnos que permanezan no centro dentro de este horario.

No caso dos **adestramentos deportivos**, os máis demandados son os de fútbol e baloncesto, se ben poderíamos dedicar algún día ao frontón e ao bádminton. Existe tamén dende fai un par de anos un grupíño reducido de alumnos que practican atletismo e que se alzaron cos primeiros postos na pasada edición da *Carreira das Letras*; seguirán cos seus adestramentos nun horario máis personalizado.

O grupo de **teatro** do Seminario Menor é un grupo formado por alumnos, mestres, persoal e familia. Os ensaios son, fundamentalmente, os mércores; non obstante, a medida que se acerca algún das datas da posta en escena, os ensaios adquirirán maior periodicidade.

Aproveitamos a ocasión para invitalos ao **Camiño de Santiago**, que organizamos durante seis sábados ao longo do curso e cuxas xa aparecen sinaladas no Planing escolar que lles entregamos na reunión de pais deste venres 21.

Un cordial saúdo

Manuel Ferreiro. Rector

